



# Beatriz González Moreno

Coordinadora xeral

Beatriz González Moreno é Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e Doutora en Dereito, con Premio Extraordinario de Doutoramento, pola Universidade de Vigo. É Profesora Titular no Departamento de Dereito Público da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo. Ocupou cargos de xestión nesta universidade (Vicedecana-Directora da Sección Delegada da Facultade de Dereito).

Ten publicadas monografías, capítulos de libros e artigos académicos en temas da súa especialidade (cuestións relacionadas con dereitos fundamentais e, en particular, sobre dereitos de contido social e cultural nas constitucións democráticas modernas, así como sobre aspectos do exercicio da liberdade relixiosa, ideolóxica e de conciencia, neutralidade do Estado e esfera pública), e sobre cuestións xurídicas civís relativas a menores. Realizou diversas estadias de investigación en universidades estranxeiras (Bristol, Manchester, Bolonia); impartiu clases como profesora invitada na Universidade de Oxford e ten participado en varios proxectos de investigación e como ponente en numerosos congresos, simposios e seminarios. É membro da Cátedra UNESCO "Cidadanía democrática e liberdade cultural" e forma parte de asociacións académicas e de consellos editoriais de revistas científicas.

Na institución é coordinadora xeral e responsable das áreas de educación, menores, cultura e dereitos lingüísticos e discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.